



## ACTIVIDADES DE ESCRITURA

A escritura nestas idades ten que partir dunha “**necesidade**” de escribir, e a nosa misión como adultos é crearlle aos nenos e nenas esa necesidade. Non é tan importante o resultado coma **o proceso**, e en moitas ocasións nin sequera ten que ser un resultado totalmente “correcto”, simplemente o feito de intentalo xa vale.

Cando o que necesitamos é un resultado lexible para todos a metodoloxía de traballo pode ser a seguinte:

- O neno/a disporá de dous papeis (ou calquera soporte no que queiramos traballar como pizarras, ordenador, tablet, area...) para escribir, un deles será o borrador e outro será no que vai escribir o resultado definitivo.
- No **borrador** o neno/a te que facer, sen axuda ningunha, o esforzo de identificar as letras que compoñen a mensaxe que quere escribir. Despois o adulto escribiralle ao lado a mensaxe completa, facendo sempre fincapé nas letras adiviñadas (nunca recalcando as que lle faltan).
- Unha vez que o neno teña un modelo completo ten que escribilo correctamente no **soporte definitivo**.

Estas son algunhas ideas de actividades de escritura que lle podedes propoñer aos nenos/as.

*Todas aquelas ideas que vos funcionen co voso pequeno non dubidedes en compartilas coas outras familias, entre todos xuntos faremos un gran traballo.*



Facer un debuxo e escribir unha **mensaxe de ánimo** aos compañeiros de clase, podedes facerlle unha foto e compartila no grupo de whatsapp.



Escribir nun papel o **título da película** ou dos debuxos animados que queren ver. Isto pódese utilizar para elixir "peli", cada membro da familia pon un título e vemos o que saia elixido.



Deixarlle unha **mensaxe** a alguén da familia.



Escribir o nome dunha **comida** que lle apeteza moitísimo comer.



Axudar a facer a **lista da compra**.



Escribir co **teclado do móbil** unha mensaxe de whatsapp (ou similar) para un amigo/a, unha búsqueda de Youtube, ou Google...